

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

D.L.: C-1-1958

MÉRCORES, 20 DE NOVEMBRO DE 2024 | MIÉRCOLES, 20 DE NOVIEMBRE DE 2024 | BOP NÚMERO 224

# ADMINISTRACIÓN LOCAL **MUNICIPAL A CORUÑA**

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 13 de noviembre de 2024 por el que se aprueban las bases de admisión del programa A Coruña en el Mundo: Becas Norteamérica 2025-2026

BDNS (Identif.): 796908

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/796908)

### Primero. - Personas beneficiarias

Podrá solicitar la participación en este programa y ser beneficiario/a de estas ayudas el alumnado escolarizado en un centro educativo del término municipal del Ayuntamiento de A Coruña, que cumpla con los siguientes requisitos:

- Estar en posesión del documento nacional de identidad (DNI) o número de identidad de extranjero (NIE).
- Residir y estar empadronado con su padre, madre o representante legal, de ser el caso, en el Ayuntamiento de A Coruña en el momento de la solicitud.
- Estar matriculado y cursando 4º de ESO, en un centro escolar situado en el término municipal de A Coruña, en el curso 2024-2025.
- Contar en el curso de 3º de la ESO con una calificación media de 6 puntos o más y no tener ninguna materia suspensa.
- Contar en el curso de 3º de la ESO con una calificación de 7 puntos o más en la materia de lengua extranjera (inglés).
- No estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario/a, recogidas en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia. Este requisito será comprobado solo en el caso de resultar adjudicatario, pudiendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluido por no cumplir este requisito en la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes.

## Segundo. - Objeto

El objeto de estas bases es convocar unas ayudas (becas), en régimen de concurrencia competitiva, para realizar el curso de 1º de bachillerato en Canadá, de cara a mejorar las competencias lingüísticas de aquel alumnado matriculado en un centro educativo durante lo curso 2024-2025 en 4º de la ESO.

A estos efectos se convocan un mínimo de 25 becas destinadas al fin señalado.

## Tercero. - Bases reguladoras

La convocatoria se regirá por la Ordenanza municipal de bases reguladoras generales para concesión de subvenciones por el Ayuntamiento de A Coruña y sus organismos públicos, publicada en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña el 16 de agosto de 2024 (BOP núm. 157) y, en el que sea de aplicación, por la Ley 38/2003 General de Subvenciones, por la Ley 9/2007 de Subvenciones de Galicia y por la normativa reglamentaria que desarrolla estas normas.

# Cuarto. - Cuantía

El precio de cada plaza es de 26.000 €.

La participación en el programa no implica la total gratuidad para el alumnado beneficiario, por lo que las familias en función de su renta per cápita, aportarán las cantidades que les correspondan según las cuantías y porcentajes señalados en la tabla recogida en las bases del programa, estableciendo dos tipos de bolsas:

- a) Beca total. Serán beneficiarias de beca total las personas seleccionadas que obtengan una puntuación en relación a la situación económica de la unidad familiar nuclear comprendida entre 7 y 10 puntos (ambos inclusive).
- b) Beca parcial. El Ayuntamiento asumirá un máximo del 95 % y un mínimo del 65% del coste total de las plazas del alumnado seleccionado que obtenga una puntuación en relación a la situación económica de la unidad familiar nuclear comprendida entre 0 y 6 puntos. Las familias del alumnado beneficiario de beca parcial asumirán un mínimo del 5% y un máximo del 35% del precio de la plaza.

Mércores, 20 de novembro de 2024

La gestión de los servicios que componen este programa la realiza el ayuntamiento, mediante un contrato de prestación de servicios.

La financiación estimada de dicha prestación de servicios para la gestión de estas becas asciende a 650.000.000 €, con cargo a la aplicación presupuestaria 60.326.227.35. No obstante, el propio desarrollo del programa y su importe total final queda condicionado en todo caso al precio resultante de la adjudicación del contrato, así como a las disponibilidades presupuestarias aprobadas en los presupuestos municipales de los ejercicios económicos de 2025 e 2026 para este fin.

#### Quinto. - Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de las solicitudes y documentación complementaria correspondiente, será de 10 días hábiles a contar desde el día siguiente de la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña.

#### Sexto. - Otros datos

El programa oferta un mínimo de 25 becas que podrá verse incrementado en función de la oferta del adjudicatario del contrato.

La concesión de la beca quedará condicionada a las siguientes circunstancias:

- A la adjudicación y formalización del contrato de gestión del programa con una empresa especializada.
- A las posibles restricciones o exigencia de requisitos que impidan el desarrollo del programa o aconsejen, por motivos de salud pública y de protección de los menores, su suspensión.
- Al cumplimiento de los requisitos exigidos por las autoridades del país de destino para participar en el programa de intercambio (referidos la: estado de salud, nivel de inglés, pasaporte...) de la persona seleccionada, así como a la concesión del visado correspondiente.
- A La existencia de un hogar de acogida y un centro educativo que permita la inclusión en igualdad de condiciones que el resto de los participantes, del alumnado con diversidad funcional solicitante de la bolsa.

La adquisición de los derechos obtenidos por los beneficiarios de las becas queda condicionada a lo señalado en este apartado y en el recogido en las bases de la convocatoria, sin que en ningún caso proceda indemnización de ningún tipo por parte del ayuntamiento.

A Coruña

13/11/2024

El concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, José Manuel Lage Tuñas

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de novembro de 2024 polo que se aproban as bases de admisión do programa A Coruña no Mundo: Bolsa Norteamérica 2025-2026

**BDNS** (Identif.): 796908

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/796908)

## Primeiro. - Persoas beneficiarias

Poderá solicitar a participación neste programa e ser beneficiario/a destas axudas o alumnado escolarizado nun centro educativo do termo municipal do Concello da Coruña, que cumpra cos seguintes requisitos:

- Estar en posesión do documento nacional de identidade (en adiante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en adiante, NIE).
- Residir e estar empadroado co seu pai, nai ou representante legal, de ser o caso, no Concello da Coruña no momento da solicitude.
- Estar matriculado e cursando 4º de ESO, nun centro escolar situado no termo municipal da Coruña, no curso 2024-2025.
- Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 6 puntos ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a, recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este requisito será comprobado só no caso de resultar adxudicatario, podendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluído por non cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

## Segundo. - Obxecto

O obxecto destas bases é convocar unhas axudas (bolsas), en réxime de concorrencia competitiva, para realizar o curso de 1º de bacharelato en Canadá, de cara a mellorar as competencias lingüísticas daquel alumnado matriculado nun centro educativo durante o curso 2024-2025 en 4º da ESO.

Para estes efectos convócanse un mínimo de 25 bolsas destinadas ao fin sinalado.

# Terceiro. - Bases reguladoras

A convocatoria rexerase pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 16 de agosto de 2024 (BOP núm. 157) e, no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolve estas normas.

# Cuarto. - Contía

O prezo de cada praza é de 26.000 €.

A participación no programa non implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as contías e porcentaxes sinalados na táboa recollida nas bases do programa, establecendo dous tipos de bolsas:

- a) Bolsa total. Serán beneficiarias de bolsa total as persoas seleccionadas que obteñan unha puntuación en relación á situación económica da unidade familiar nuclear comprendida entre 7 e 10 puntos (ambos inclusive).
- b) Bolsa parcial. O Concello asumirá un máximo do 95 % e un mínimo do 65% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que obteña unha puntuación en relación á situación económica da unidade familiar nuclear comprendida entre 0 e 6 puntos. As familias do alumnado beneficiario de bolsa parcial asumirán un mínimo do 5% e un máximo do 35% do prezo da praza.

A xestión dos servizos que compoñen este programa realízaa o concello, mediante un contrato de prestación de servizos.

O financiamento estimado para a xestión destas bolsas ascende a 650.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 60.326.227.35. Non obstante, o propio desenvolvemento do programa e o seu importe total final queda condicionado en todo caso ao prezo resultante da adxudicación do contrato, así como ás dispoñibilidades orzamentarias aprobadas nos orzamentos municipais dos exercicios 2025 e 2026 para esta finalidade.

## Quinto. - Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña.

### Sexto. - Outros datos

O programa oferta un mínimo de 25 bolsas que poderá verse incrementado en función da oferta do adxudicatario do contrato.

A concesión da bolsa quedará condicionada ás seguintes circunstancias:

- Á adxudicación e formalización do contrato de xestión do programa cunha empresa especializada.
- Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.
- Ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades do país de destino para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés, pasaporte...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.
- Á existencia dun fogar de acollida e un centro educativo que permita a inclusión en igualdade de condicións que o resto dos participantes, do alumnado con diversidade funcional solicitante da bolsa.

A adquisición dos dereitos obtidos polos beneficiarios das bolsas queda condicionado ao sinalado neste apartado e no recollido nas bases da convocatoria, sen que en ningún caso proceda indemnización de ningún tipo por parte do concello.

A Coruña

13/11/2024

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, José Manuel Lage Tuñas

2024/8166